

LICENZAS E COTAS

Tempada 2023/24. Circular 23-04.

1.Introdución

Para a tramitación de licenzas, será requisito imprescindible estar ao corrente de pago de todas as obrigas económicas (cotas de inscrición, licenzas, cota anual, sancións....)

No presente documento cando se fala de idade entenderase como a **idade cumprida a 31 de decembro do último ano da tempada en vigor** (idade = ano de nacemento - segundo ano da tempada en vigor) agás que se indiquen os anos expresamente onde prevalecerá a especificación dos anos.

Será requisito para a solicitude de licenza estar en posesión de DNI PARA PERSOAS ESPAÑOLAS, OS ESTRANXEIROS PRESENTARÁN O PERMISO DE RESIDENCIA ou documento onde figure o seu NIE xunto co nome, apelidos, sexo, data de nacemento e nacionalidade. Para os menores que non teñan dni haberá un prazo de 60 días a partir da data de solicitude da licenza para ser presentado.

2.Pagamentos

Os pagamentos serán realizados mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través de transferencia bancaria á conta de ABANCA código: ES10 2080 3529 6430 4002 8643 especificando claramente o concepto da transferencia.

3.Cotas dos clubs

Os clubs aboarán unha cota por cada unha das modalidades nas que vaia a solicitar licenzas.

As modalidades nas que se pode solicitar licenza na FEGAN son: natación, natación artística, wáter-polo, saltos, natación máster e natación artística máster.

Primeira modalidade: 220 euros

Seguintes modalidades (por cada unha delas): 95 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira modalidade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

O pagamento da cota de modalidade será imprescindible para a solicitude de licenzas en dita modalidade.

4.Cotas das licenzas tempada 2023/24

Licenza de deportista, técnico e máster:

Primeira licenza de deportista, técnico ou máster	45,50
Primeira licenza de deportista, técnico ou máster solicitada a partir do 1 de marzo	25,50
Solicitude de licenza máster por primeira vez	25,50
Segunda licenza (NON se aplica se a primeira licenza tivo algún tipo de desconto) **	25,50
Terceira e posteriores **	12,00

Licenza de deportista entre 6 e 16 anos XOGADE e licenzas de promoción*:

Primeira licenza entre 6 e 16 anos (anos 2008 a 2016 ámbolos incluídos)	40,00
Primeira licenza entre 6 e 16 anos (anos 2008 a 2016 ámbolos incluídos) solicitada a partir do 1 de marzo	24,50
Primeira licenza nas idades de promoción: - natación: 2014 e posteriores - artística e wáter-polo: 2013 e posteriores	24,50
Segunda licenza se está fora da idade de promoción **	25,50
Segunda licenza se está dentro da idade de promoción **	16,50
Terceira licenza **	12,00
Ampliación de licenza de Escola a Deportista non promoción antes do 1 de marzo	28,50

* Nota: as licenzas de promoción do ano 2017 e posteriores van no seguro FEGAN.

** Para considerarse segunda ou terceira licenza, as licenzas teñen que ser no mesmo club.

Licenza de escola:

Nacidos e nadas no ano 2011 e posteriores	24,50
---	-------

Licenza de árbitro/árbitra:

Árbitro/árbitra	22,00
-----------------	-------

Licenza de delegada/delegado:

Delegada/delegado	24,50
-------------------	-------

Será imprescindible que as licenzas estean validadas para inscribirse e participar en calquera competición organizada pola FEGAN.

As licenzas de deportista en promoción son licenzas de deportista, teñen exactamente a mesma cobertura, o único que cambia respecto dunha licenza de deportista en non promoción é o prezo.

Todas as licenzas de deportista, máster, técnicos, delegados e árbitros, deberán ser solicitadas a través do LEVERADE e validadas pola FEGAN. As licenzas deberán realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), debendo **estar en estado de «validada» polo menos 10 días antes de finalizar a inscrición en calquera competición.**

5. Solicitudes de licenza a través do LEVERADE

5.1. Convencións

5.1.1. Maiúsculas e acentuación

Recoméndase o uso de maiúsculas empregando a correspondente acentuación, poñéndoa igual que figura no documento de acreditación de identidade.

5.1.2. Nomes e apelidos longos

Deben figurar igual que aparecen no documento de identidade.

5.2. Altas e modificación de datos

É moi importante que a data de nacemento sexa a correcta e completa en canto a día, mes e ano.

Antes de dar de alta unha nova persoa hai que asegurarse de que a persoa non está no sistema. Se tivo licenza nunha tempada pasada, e despois de buscala non se atopa, contactar con licenzas@fegan.org indicando os datos da persoa en cuestión para ver que pode estar a pasar.

De momento a plataforma de solicitude de licenza non permite a corrección de datos da persoa polo que para a súa modificación empregárase o formulario de actualización de datos de licenza (<https://www.fegan.org/mp/default/post/3500>).

5.3. Cambio de club

Cando se vaia a solicitar licenza a unha persoa á que a súa última licenza aceptada sexa nun club distinto ó do club polo que se lle pretende solicitar a licenza, previamente hase solicitar o cambio de club mediante o menú Traspasos.

Unha vez solicitado o cambio de club, hase informar para proceder a aceptación do mesmo:

á FEGAN no correo licenzas@fegan.org, se o anterior club é un club pertencente á FEGAN.

á RFEN, se o anterior club é un club non pertencente á FEGAN.

Cando se solicite o cambio de club a nivel de clubs galegos, non se cubrirá o apartado 3 o cal require documentación relativa ó traspaso.

Unha vez aceptado o traspaso, o club solicitante, creará licenza para a actual tempada desde o propio menú de traspasos.

5.4. Procedemento de tramitación de licenzas por parte dos clubs

O procedemento de tramitación é o seguinte:

- As licenzas enviadas a «validar» procésanse en lotes semanais, ditos lotes van de martes a luns.
- As licenzas solicitadas procesaranse os martes, que é o día seguinte de rematar o período do lote, dito día os clubs recibirán un correo electrónico onde se lles indicarán as instrucións a seguir para a realización do ingreso. Dito correo incluírá o **importe** das licenzas tramitadas e o **concepto** que han de indicar no ingreso relativo a dito paquete semanal de licenzas. Así como a lista de **licenzas** pendentes de **acreditar**.
- **Non se procesará un novo lote** de licenzas mentres **exista** un lote previo con **licenzas pendentes de validar**.
- O importe do ingreso debe coincidir co importe enviado no correo electrónico coa conta relativa ás licenzas que se están a tramitar nese envío. **Non serán admitidos aboamentos parciais**.
- Os **xoves** (3 días despois de pecharse o lote), **en base ás transferencias recibidas até o mércores na conta bancaria da FEGAN**, e cumprindo todos os demais requisitos, **serán validadas as licenzas**.
- **Non se enviará o comprobante de ingreso** a non ser que sexa requirido de xeito expreso.
- Transcorridos 2 xoves sen que as licenzas dun lote sexan validadas por falta de acreditación ou non ser aboadas, o lote será rexeitado e as licenzas solicitadas no LEVERADE serán borradas. Posteriormente o club poderá solicitalas novamente.
- As licenzas só se validan os xoves. Polo que é importante ter en conta que o prazo para que unha

licenza solicitada pase de solicitada a validada pode ser de 3 a 9 días en función do día en que se solicite.

- É importante que os clubs revisen periodicamente no LEVERADE a listaxe de licenzas tanto en estado «validada» como en estado «sen validar».
- Non se deben solicitar licenzas que non se vaian aboar e acreditar en tempo e forma.
- **As licenzas que no LEVERADE non figuran como «validadas» enténdese que non están aceptadas e polo tanto están sen asegurar.**

Os prazos poderán verse alterados no caso de festivos. Nestes casos, ante a dúbida, recoméndase contactar con licenzas@fegan.org para coñecer as datas exactas de corte dos lotes.

5.5. Acreditación de identidade

Só se presentarán as **acreditacións** de identidade que **requira** a **FEGAN** (estas solicitudes irán no correo electrónico enviado ós clubs coas instrucións para formalizar as solicitudes).

No caso de persoas **con nacionalidade española** realizárase mediante copia do **DNI**. Se o nome, apelidos, sexo, data de nacemento e nacionalidade veñen na mesma cara do dni, abondará con presentar só dita cara do dni (como é o caso dos dni modernos).

No caso de persoas con **nacionalidade NON española**, presentárase copia do **permiso de residencia** polas dúas caras. Se o estranxeiro non presenta o permiso de residencia, non poderá participar en competicións e campionatos programados e organizados pola FEGAN, podendo participar só en tomas de tempos e trofeos organizados por clubs.

A **acreditación** de identidade realizárase cunha **foto do DNI ou permiso de residencia en formato JPG** poñendo como nome do ficheiro o número RFEN ID da persoa á que pertence por exemplo 1234567.jpg. Estes documentos enviaranse a licenzas@fegan.org. Non se admitirá máis **dunha acreditación por ficheiro**. Poden (e mesmo se prefire) anexarse varias acreditacións nun único correo. No caso de presentar un documento en PDF este só poderá conter unha única páxina.

No documento da acreditación de identidade recoméndase poñer borrosos os datos distintos a: nome, apelidos, sexo, data de nacemento, nacionalidade.

5.6. Outras consideracións

Cando a solicitude se trate dunha ampliación ou segunda (terceira...) licenza hase enviar un correo a licenzas@fegan.org co asunto «Solicitude de ampliación/segunda licenza» onde se indicarán os datos da licenza en cuestión (nome apelidos...).

Os resultados que cheguen á FEGAN pertencentes a persoas co licenzas que non sexan reais ou non validadas non serán admitidos. **Amais é imprescindible enviar debidamente cuberto e asinado o Impreso de Solicitude de Licenza (ver Anexo 1). Dita solicitude enviarase a info@fegan.org.**

6. Licenzas de escola

As licenzas de escola **non serán válidas para participar nas competicións oficiais** da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

As licenzas de escola **serán solicitadas a través de LEVERADE** seleccionando o formulario escola.

A Coruña,



**Federación Galega
de Natación**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

Secretaría Xeral FEGAN

IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPORTISTA

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato subscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo dpo.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico info@fegan.org.

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña _____ con DNI nº _____, solicita a tramitación da súa licenza territorial no club _____, pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20____/20____.

Asinado _____ pai/nai ou titor/a (en caso menores de idade) con DNI: _____

ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - XOGADE

Poñer aquí o logo da entidade

Dona/Don _____ con DNI _____ autoriza a (nome da entidade) _____ no que está federada/o súa/seu filla/o _____ a introducir os datos necesarios na aplicación de inscricións do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) da Secretaría Xeral para o Deporte para a participación no mesmo.

Os datos que se achegarán serán: Nome, Apelidos, Xénero, NIF (se o ten), Data de Nacemento e Nivel educativo.

Estes datos serán utilizados unicamente a efectos de mutualización no seguro de accidente deportivo asociado á súa licenza federativa.

Esta autorización terá validez todos os anos en que a/o deportistas estea federada/o coa entidade. Poderá ser revogada en calquera momento notificándoo ao club, porén os datos de tempadas anteriores non poderán ser eliminados da aplicación.

En _____, a _____ de _____ de 20____.

Asinado: _____.

NOTA: Os nadadores/as que realizan por primeira vez a licenza deben acompañar xustificación da data de nacemento. DNI escaneado.

IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE TÉCNICO

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato subscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo dpo.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico info@fegan.org.

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña con DNI nº, solicita a tramitación da súa
licenza territorial no club, pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20__/20__.

Titulación ENE, data.....

En....., a de..... de 20.....

Asdo.: O técnico.

IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE DIRECTIVO

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato subscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo dpo.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico info@fegan.org.

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña con DNI nº, solicita a tramitación da súa
licenza territorial no club, pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20...../20.....

En....., a de..... de 20__.

Asdo.: O directivo.